

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

- 15471** Orde IET/2736/2012, do 20 de decembro, pola que se modifica a Orde IET/822/2012, do 20 de abril, pola que se regula a asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes.

A Orde IET/822/2012, do 20 de abril, pola que se regula a asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes, establece as condicións necesarias para participar nun procedemento de asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo dos citados obxectivos por un período de dous anos, e habilita o titular da Secretaría de Estado de Enerxía a prorrogar a asignación das ditas cantidades por outros dous anos adicionais.

A presente orde modifica a citada Orde IET/822/2012, do 20 de abril, introducindo fundamentalmente tres novidades. En primeiro lugar, amplíase a cantidade anual máxima obxecto do procedemento de asignación de cantidades de produción para o cómputo dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes en medio millón de toneladas. En segundo lugar, facilítase a participación na asignación dunha cantidade anual de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento das obrigas de biocarburantes ás plantas ou unidades de produción de biodiesel e poderán solicitar asignación os titulares de plantas ou unidades de produción, independentemente da súa localización xeográfica. Finalmente, establécese que a convocatoria do procedemento previsto nesta orde se realizará mediante resolución do titular da Secretaría de Estado de Enerxía. Polo tanto, o obxecto desta modificación é aumentar o biodiésel dispoñible no mercado español para o cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes, dotando o mercado da competitividade necesaria, tanto en prezo como en calidade.

No parágrafo derradeiro do punto 3 da disposición derradeira décimo sexta da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, na redacción que lle deu a Lei 12/2007, do 2 de xullo, habilitase o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (actualmente Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo), logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, para ditar as disposicións necesarias para regular un mecanismo de fomento da incorporación de biocarburantes e outros combustibles renovables, destinado a lograr o cumprimento dos obxectivos establecidos nesta disposición adicional.

De conformidade co disposto na disposición adicional décimo primeira, terceiro, 1, función segunda, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, a Comisión Nacional de Enerxía emitiu o informe 22/2012, do 8 de novembro. Así mesmo, o trámite de audiencia aos interesados efectuouse a través do Consello Consultivo de Hidrocarburos, cuxas observacións e comentarios, de acordo co establecido no 5.5 do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía, se tomaron en consideración para a elaboración do mencionado informe da Comisión Nacional de Enerxía.

Finalmente, esta norma foi obxecto de informe pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos na súa reunión do 20 de decembro de 2012.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde IET/822/2012, do 20 de abril, pola que se regula a asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes.*

A Orde IET/822/2012, do 20 de abril, pola que se regula a asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes, modifícase nos seguintes termos:

Un. O punto 4 do artigo 2 queda redactado como segue:

«4. A cantidade anual máxima total de biodiésel que será obxecto do procedemento de asignación de cantidades de produción para o cómputo dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes é de 5,5 millóns de toneladas ao ano.»

Dous. O artigo 3 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 3. *Suxeitos que poden solicitar a asignación e límites máximos das cantidades de produción susceptibles de asignación.*

Os titulares de plantas ou unidades de produción de biodiésel susceptible de ser empregado como carburante ou ser incorporado ao gasóleo de automoción poderán solicitar a asignación dunha cantidade anual de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento das obrigas de biocarburantes, por unha cantidade máxima equivalente á capacidade produtiva anual autorizada e tecnicamente acreditada como operativa de cada unha das plantas da súa titularidade que contén con licenza de actividade ou certificado equivalente.»

Tres. Os puntos 1 e 2 do artigo 4 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Os suxeitos indicados no artigo anterior deberán presentar as súas solicitudes a través da sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, accedendo ao enderezo <https://oficinavirtual.mityc.es/abidos>. De acordo co previsto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, a totalidade das comunicacións requiridas no procedemento previsto nesta orde por parte dos interesados coa Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas realizarase exclusivamente por vía electrónica, a través do mencionado enderezo na sede electrónica. Así mesmo, as notificacións administrativas que sexa necesario practicar ao interesado por parte da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas realizaranse con medios electrónicos.

De acordo co artigo 32.3 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a citada Lei 11/2007, do 22 de xuño, se non se utilizan medios electrónicos para realizar as referidas comunicacións, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas requirirá a correspondente emenda e advertirá que, de non ser atendido o requerimento, a presentación carecerá de validez ou eficacia.

2. Na solicitude indicárase a seguinte información:

a) Cantidade anual, en toneladas, para a cal solicitan asignación de cantidade de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes.

b) Razón social, localización da empresa e da planta, titular da planta, número de identificación fiscal (NIF) e código de actividade e establecemento (CAE) ou documento equivalente no país en que se situase a planta, representante xurídico e copia dos poderes outorgados a favor do representante.»

Catro. O punto 6 do artigo 4 queda redactado como segue:

«6. As solicitudes, xunto coa información e documentación requirida, presentaranse mediante sistemas de identificación e autenticación electrónica, de

acordo co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a anterior.

Á solicitude citada xuntarase, se é o caso, acreditación válida do poder do asinante da solicitude, segundo o sinalado no punto 2.b) deste artigo, que deberá ser achegada mediante documento dixitalizado. No caso de representación mancomunada, deberá achegarse, así mesmo, unha copia dixitalizada da solicitude asinada por cada un dos representantes mancomunados.»

Cinco. Modifícase o título e o punto 1 do artigo 7, que pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 7. *Convocatoria e valoración das solicitudes de asignación de cantidades.*

1. A convocatoria do procedemento previsto nesta orde realizarase mediante resolución do titular da Secretaría de Estado de Enerxía. As correspondentes solicitudes poderán presentarse nun prazo de 30 días desde que produza efectos a citada resolución. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, se a suma da cantidade solicitada por todos os produtores admitidos ao procedemento for menor de 4 millóns de toneladas anuais, por resolución do titular da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderase prorrogar o dito prazo.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas é o órgano competente para a instrución do procedemento. As solicitudes serán valoradas por unha comisión de avaliación, presidida polo titular da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas que, en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, será substituído polo seu vicepresidente, o titular da Subdirección Xeral de Hidrocarburos. Serán vogais da dita comisión o titular adxunto da Subdirección Xeral de Hidrocarburos, un funcionario da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e un funcionario da Subdirección Xeral de Hidrocarburos, designados os dous últimos polo titular da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, así como dous representantes do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía designados polo titular da Dirección Xeral do dito instituto. Actuará como secretario desta Comisión de Avaliación, con voz e voto, o funcionario da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. A Comisión de Avaliación adscíbese á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e rexerá o seu funcionamento polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Seis. O punto 6 do artigo 7 queda redactado como segue:

«6. A listaxe das cantidades de produción asignadas, á vista da documentación presentada e a complementaria que se puiden precisar, será aprobada por resolución motivada do titular da Secretaría de Estado de Enerxía e publicarase no «Boletín Oficial del Estado». O prazo máximo no cal debe publicarse esta resolución non poderá exceder os seis meses computados desde que produza efectos a resolución de convocatoria do procedemento a que fai referencia o punto 1 deste artigo ou, se é o caso, desde a data en que produza efectos a resolución do titular da Secretaría de Estado de Enerxía que ordene a asignación de novas cantidades de produción, ditada de acordo coa disposición adicional primeira desta orde. O vencemento do prazo máximo establecido sen que se publicase a correspondente resolución non exime a Administración do cumprimento da obriga legal de resolver, polo que poderán os interesados que comparecesen entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo de acordo co disposto no artigo 44.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Sete. O punto 9 do artigo 7 pasa a ter a seguinte redacción:

«9. A interposición de recursos de reposición poderá dirixirse ao Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, con acceso a través da sede electrónica do dito ministerio, nos termos expresados nesta norma e de acordo co disposto na orde reguladora do citado rexistro.»

Oito. Modifícase o primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 8, que queda redactado como segue:

«1. Os produtores de biodiésel con asignación de cantidade deberanlle presentar, ata o 1 de abril de cada ano, ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional de Enerxía, a seguinte información referida ao ano natural anterior ou, se é o caso, á parte do ano natural anterior respecto a que se asignase cantidade de produción de biodiésel:»

Nove. Suprímese a disposición adicional segunda, que xa foi deixada sen efecto pola Orde IET/2199/2012, do 9 de outubro.

Disposición transitoria única. *Documentación que consta en poder da Administración.*

Os titulares daquelas plantas ou unidades de produción que efectuasen unha solicitude de asignación de cantidade de biodiésel conforme a disposición adicional segunda da Orde IET/822/2012, do 20 de abril, e se presenten á convocatoria prevista no artigo 7.1, deberán presentar unha nova solicitude, ben que non estarán obrigados a presentar a documentación xa remitida.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de decembro de 2012.—O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, José Manuel Soria López.